

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A ATENCIÓN PSICOLÓXICA A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, AOS SEUS FILLOS E FILLAS MENORES DE IDADE E, COMPLEMENTARIAMENTE, A OUTRAS PERSOAS DO SEU ENTORNO FAMILIAR QUE VIVAN OU PADEZAN ESTAS SITUACIÓNS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, A HOMES CON PROBLEMAS DE CONTROL DA VIOLENCIA NO ÁMBITO FAMILIAR E PARA O MANTENIMENTO DUNHA QUENDA DE GARDA PSICOLÓXICA, ESPECIALIZADA E PERMANENTE, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para:

- a) O financiamento dun programa para a atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero, aos seus fillos e fillas menores idade e, complementariamente, a outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.
- b) O financiamento dun programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, programa que se denominará xenericamente: "Abramos o Círculo".
- c) O financiamento dun programa de atención psicolóxica, especializada e permanente, mediante unha quenda de garda, para mulleres e os seus fillos e fillas menores de idade, vítimas de violencia de xénero e/ou violencia sexual

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:



O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia vén desenvolvendo dende hai máis de quince anos un programa de atención psicolóxica especializada coa finalidade de ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e un programa de atención psicolóxica especializada coa finalidade de ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a homes que recoñezan ter problemas de control de violencia no ámbito familiar. A estes programas, e coa finalidade de lograr unha atención integral ás vítimas, considérase preciso engadir un novo programa dirixido á atención psicolóxica especializada e permanente, mediante unha quenda de garda, para mulleres e os seus fillos e fillas menores de idade, vítimas de violencia de xénero e/ou violencia sexual.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o financiamento dos programas sinalados cuxo interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero e aos homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar unha atención personalizada e especializada a través de profesionais con formación específica que, de xeito gratuíto para as persoas usuarias destes programas, realizarán un diagnóstico da situación e a terapia máis axeitada a cada caso; así coma implementar unha atención temperá, especializada e permanente, mediante un sistema de quenda de garda psicolóxica, dirixida a mulleres e aos seus fillos e fillas menores de idade, vítimas de violencia de xénero e/ou de violencia sexual.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, e aos homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar unha atención personalizada e especializada a través de profesionais con formación específica que, de xeito gratuíto, realizarán un diagnóstico da situación e a terapia máis axeitada a cada



caso. Tamén se considera prioritario prestar no momento de interposición da denuncia unha atención psicolóxica especializada e permanente, mediante unha quenda de garda, para mulleres e os seus fillos e fillas menores de idade, vítimas de violencia de xénero e/ou violencia sexual.

De conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción deste convenio, posto que o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é a entidade que ostenta a representación da profesión de psicólogos/as na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo entre os seus fins a promoción e desenvolvemento técnico e científico da Psicoloxía e o servizo dos seus/das súas profesionais á sociedade, conta coa experiencia de vir desenvolvendo e coordinando dende hai anos os programas de atención psicolóxica personalizada e especializada no ámbito da violencia de xénero con un ámbito de actuación e coordinación en todo o territorio da nosa Comunidade Autónoma e dispón de medios suficientes para desenvolver axeitadamente os diferentes programas, contando ademais coas garantías derivadas da súa estrutura colexial.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

